



COUSILLAS, Paula; Dolores GONZÁLEZ DE LA PEÑA, Marcial TENREIRO-BERMÚDEZ, Miguel Ángel MARTÍNEZ QUINTANAR, María Teresa ANGERIZ AGRELO, Antonio ANDRADE FIGUEIRAS, Afonso Xavier CANOSA RODRIGUEZ e Luís G. SOTO (2024): *Dun poema ás ardentes estrofas. Visión arredor da obra de Eduardo Pondal*. Carballo: Espiral Maior, 147 pp.

Dun poema ás ardentes estrofas reúne unha serie de ensaios que amosan novas perspectivas sobre a obra de Eduardo Pondal, en particular o seu famoso poemario *Queixumes dos pinos*. Cada un destes estudos explora un aspecto específico do universo pondaliano, proporcionando unha visión máis complexa e matizada da poesía do autor. Neste sentido, o libro destaca pola súa pluralidade de enfoques críticos, que dialogan entre si e contribúen a unha comprensión integral da relevancia de Pondal nos debates contemporáneos sobre a identidade galega, a lingua, a política e a construción simbólica da nación. Os distintos autores invitan a revisar a produción literaria pondaliana desde ópticas novidosas que desafían interpretacións anteriores e acenden nova luz sobre a súa obra. Este ensaio chega ás nosas mans a través da profesora Carmen Mejía Ruiz, responsábel do Centro de Estudos Galegos da Universidade Complutense de Madrid, onde Paula Cousillas foi profesora lectora entre 2018 e 2021, e a quen Cousillas dedica o libro considerándoa a súa mentora.

Paula Cousillas Pena (1992), graduada en Lingua e Literatura Galegas pola Universidade de Santiago de Compostela, é a responsable de dar comezo ao libro, despois dun breve limiar introdutorio, co traballo ensaístico titulado “A chave da patria soñada: o papel da muller en *Queixumes*”, onde ofrece unha proposta crítica que busca revalorizar a figura feminina na obra de Pondal. Ao longo do artigo, Cousillas cuestiona as interpretacións tradicionais que acusaron o autor de misoxinia, argumentando que tales visións responden a unha lectura parcial e reducionista dos seus versos. Segundo a autora, o papel da muller en *Queixumes dos pinos* foi subestimado e simplificado, e a crítica non soubo captar a complexidade da súa representación. A través da análise de varios poemas chave, como “Ou terra de Bergantiños”,

“Vamos, mi buena Rentar” e “Despois de duro combate”, Cousillas destaca como a presenza feminina non só ten unha relevancia simbólica, senón que desempeña un papel central na narrativa épica da obra e na construción da identidade galega. Neste sentido, a figura da muller transcende o simple rol de vítima ou de obxecto pasivo da violencia patriarcal, converténdose nun elemento activo e fundamental na configuración da nación soñada por Pondal. Así, a autora propón unha reinterpretación que sitúa a muller no centro do universo pondaliano, rompendo coas lecturas anteriores que limitaron o seu papel a un simple instrumento de opresión.

Nunha liña similar, Dolores González de la Peña (1967), licenciada en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela, no seu ensaio “«Branca, garrida e fidalga». A muller como símbolo de Galicia na poesía de Eduardo Pondal”, desenvolve unha análise en torno á alegoría política do rapto colonial na poesía de Pondal, particularmente en *Queixumes dos pinos*. González apóiase nas notas autógrafas do propio poeta, nas que revela a súa frustración pola incompreensión da súa obra por parte dos contemporáneos e deixa entrever o verdadeiro sentido dos seus versos. A partir desta documentación, a autora interpreta a figura feminina na creación pondaliana como unha alegoría da nación galega sometida, seguindo un tropo literario clásico, pero adaptado ás necesidades políticas dunha Galicia oprimida polo poder centralista castelán. A violencia exercida contra as mulleres nos poemas non é, segundo González, unha expresión de misoxinia, senón unha metáfora da opresión colonial. Esta interpretación da muller como símbolo da nación oprimida propón unha nova lectura dos textos pondalianos, onde a muller se presenta como unha figura activa e resistente, unha nación que loita e se defende, rompendo

cos roles de xénero tradicionais do século XIX. González sostén que Pondal é o primeiro poeta galego en empregar de forma completa esta alegoría, propoñendo unha visión revolucionaria e política da muller-nación na súa poesía.

Pola súa parte, Marcial Tenreiro-Bermúdez (1976), licenciado en Humanidades e especializado en Historia Antiga e Arqueoloxía pola Universidade da Coruña, no estudo “Profeta dum presente: verbo do contexto histórico-político de Pondal”, adopta un enfoque máis amplo, situando a obra de Pondal no contexto histórico e político da súa época. O autor considera que a poesía de *Queixumes dos pinos* debe entenderse á luz dos cambios políticos e sociais que se estaban a producir en Europa, como a consolidación do liberalismo e a democracia. Pondal, segundo Tenreiro, non é un poeta anacrónico nin alleo ás realidades do seu tempo, senón que os seus poemas reflicten unha profunda preocupación política e unha crítica do despotismo e da opresión á que estaba sometida Galicia. A obra pondaliana articula unha visión de futuro para Galicia, integrando mitoloxía e historia para proxectar un desexo de liberdade e autodeterminación, situando a Pondal dentro dunha corrente de pensamento liberal e democrático que conecta coas aspiracións políticas da súa época.

Desde unha perspectiva filosófica, Miguel Ángel Martínez Quintanar (1968), catedrático de Filosofía no ensino secundario e profesor na Universidade de Santiago de Compostela, no seu artigo “Achegamentos desde algunhas filosofías actuais a *Queixumes dos pinos* de Eduardo Pondal”, presenta unha interpretación filosófica da poesía pondaliana, buscando establecer unha unidade de sentido nos seus textos. A través dun enfoque multidisciplinar, o autor apóiase en catro correntes filosóficas contemporáneas que permiten unha aproximación máis profunda á obra de Pondal. En primeiro lugar, céntrase na fenomenoloxía da conciencia, que examina a experiencia subxectiva do poeta e o significado dos seus versos. En segundo lugar, Martínez Quintanar introduce un prisma transcendental, explorando as tensións entre o ideal e a realidade en Pondal. En terceiro lugar, o autor emprega un enfoque pragmático-constructivista para analizar como a poesía de Pondal contribúe á construción dunha nova realidade. Finalmente, desde unha filosofía crítica, Martínez examina os silencios nos poemas e a necesidade dunha reflexión autoconsciente por parte do lector. Este conxunto de aproximacións filosóficas permite unha lectura

reflexiva da obra de Pondal, mostrando como as súas mensaxes poden e deben ser reinterpretadas por cada xeración, reforzando así a relevancia da súa poesía no pensamento contemporáneo.

María Teresa Angeriz, licenciada en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela, no estudo titulado “Á sombra tecida: un achegamento á lingua de Pondal desde a oralidade”, céntrase na análise lingüística e literaria de “Á sombra tecida”, un dos poemas máis representativos de *Queixumes dos pinos*. Angeriz propón dúas liñas de análise: por unha banda, unha lectura literaria do poema, que abarca a súa estrutura, os personaxes que o habitan e os temas que aborda; e por outra banda, unha investigación detallada dos aspectos lingüísticos e dialectais do galego utilizado por Pondal, especialmente os trazos característicos da comarca de Bergantiños, de onde era orixinario. A autora subliña como Pondal consegue superar o galego dialectal da súa rexión para crear unha lingua literaria culta, sen renunciar ás súas raíces locais. Este proceso de depuración e elevación do galego literario, profundamente enraizado na súa terra natal, reforza a identidade lingüística de Galicia e contribúe á creación dunha lingua literaria refinada que expresa con precisión as complexidades da poesía pondaliana.

No que respecta á toponimia en *Queixumes dos pinos*, Antonio Andrade (1957), novelista e licenciado en Dereito pola UNED, no seu ensaio “Pondal a caballo: un percorrido polos nomes de lugar”, sinala a importancia dos topónimos na obra de Pondal, moitos dos cales corresponden á rexión de Bergantiños. Andrade suxire que estes topónimos non son simples adornos poéticos, senón que teñen unha función esencial na creación dunha xeografía literaria que reflicte tanto a paisaxe natural como o sentido de pertenza a un territorio específico. Pondal, segundo Andrade, emprega os nomes de lugar para construír un imaxinario poético profundamente conectado co seu contorno, o que reforza a identidade galega na súa poesía.

A esta análise súmase Alfonso Xavier Canosa Rodrigues (1971), profesor de Lingua e Literatura e licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela, quen, no seu ensaio “A toponimia dos Queixumes: criterios de identificación e propostas de clasificación”, ofrece un sistema rigoroso de clasificación dos topónimos en *Queixumes dos pinos*. Canosa propón un marco metodolóxico que combina criterios semánticos, gráficos e

morfosintácticos para identificar e analizar os nomes de lugar na obra de Pondal, subliñando a súa relevancia na construción da identidade territorial e nacional galega.

Finalmente, Luís G. Soto (1956), doutor en Filosofía e Dereito e profesor titular de Filosofía Moral na Universidade de Santiago de Compostela, pon fin aos textos co traballo titulado “Badaladas, queixumes, saudades”, onde analiza o concepto de saudade na poesía pondaliana, conectándoo co proxecto de construción nacional de Galicia. Soto argumenta que a saudade, lonxe de ser unha nostalxia pasiva, é unha forza ética e política que impulsa a acción colectiva. Esta saudade, característica da cultura galego-portuguesa, maniféstase na obra de Pondal como unha chamada á acción, tanto individual como colectiva, na procura dun futuro mellor para Galicia. Soto interpreta a saudade en termos ontolóxicos, considerándoa unha forza teleolóxica que impulsa á reflexión e á acción para acadar unha identidade e un proxecto político común.

En conclusión, *Dun poema ás ardentes estrofas* destaca pola pluralidade dos enfoques

críticos e polo rigor e profundidade das investigacións levadas a cabo polos autores. Cada ensaio contribúe de forma significativa á revalorización da obra de Eduardo Pondal, ofrecendo novas perspectivas que desafían interpretacións anteriores ao tempo que amplían a comprensión da súa poesía en termos de identidade, política, linguaxe e simbolismo. O labor de investigación reflectido nesta libro é exhaustivo e rigoroso, poñendo de manifesto o compromiso dos autores por iluminar aspectos menos explorados do universo pondaliano. A través desta pluralidade de enfoques, confírmase que a poesía de Pondal segue sendo fundamental para comprender as discusións contemporáneas sobre identidade, resistencia política, lingua e memoria en Galicia. Lonxe de ser un autor ancorado no pasado, Eduardo Pondal continúa a ser un referente para a reflexión crítica e literaria actual.

María Sonia Cruz Pérez
Universidade de Vigo
Universidad Complutense de Madrid
mariascr@ucm.es